



Centros
Integrados
Formación Profesional

C.I.F.P. COROSO

Normas de organización e funcionamento do centro



Índice

I.	Principios xerais.....	3
II.	Funcionamento do centro	4
III.	Dereitos do alumnado.....	5
IV.	Deberes do alumnado.....	7
V.	Dereitos do profesorado.....	9
VI.	Deberes do profesorado	11
VII.	Profesorado titor	13
VIII.	Profesorado de garda	14
IX.	Normas de convivencia	15
X.	Faltas de asistencia	16
XI.	Incumprimento das normas	18
XII.	Normas da biblioteca	23
XIII.	Normas de aulas específicas (talleres, ciberns...)	25
XIV.	Comisións e organizacións	26
XV.	Visitas e viaxes e estancias fóra do centro.....	27
XVI.	Reunións.....	28
XVII.	Persoal de administración e servizos	29
XVIII.	Dereitos das familias e representantes legais do alumnado menor de idade..	30
XIX.	Deberes das familias e representantes legais do alumnado menor de idade ..	31
XX.	Reforma do regulamento.....	32



O principio básico da educación é a formación do alumnado e o desenvolvemento da vida no centro, fundamentada no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais dentro dos principios democráticos, de conciencia e do exercicio da tolerancia e liberdade.

O presente regulamento pretende precisar de forma clara os dereitos e deberes dos membros da comunidade escolar.

I. Principios xerais

Art. 1. Os principios xerais que rexen a vida do centro serán os seguintes:

- A formación baseada no esforzo e no traballo individual como medios para obter os niveis de aprendizaxe esixidos.
- O carácter emprendedor e o espírito crítico.
- A igualdade de dereitos, o rexeitamento de todo tipo de discriminación.
- O fomento dos hábitos do comportamento democrático.
- A educación para a paz, a cooperación e a solidariedade.
- A responsabilidade á hora do estudo, da convivencia no centro e no desempeño futuro de labores profesionais.
- A solución cooperativa dos conflitos que se produzan na convivencia diaria atopando solución na que cada parte asuma as responsabilidades e as consecuencias dos seus actos.
- O impulso das novas tecnoloxías como recurso básico para a comunicación e a busca de información nos nosos días.
- A aprendizaxe de linguas estranxeiras para fomentar o coñecemento doutras culturas e costumes.
- A formación no respecto e defensa do medio ambiente

Art. 2. A Comunidade Escolar está constituída polo alumnado e as súas familias ou representantes legais, profesorado, persoal laboral da administración e servizos, representantes da Administración, empresarios e sindicatos no Consello Social.

Art. 3. Todos os membros do centro están obrigados a coñecer este regulamento de tal forma que o descoñecemento do todo ou parte do mesmo non eximirá do seu cumprimento.

Art. 4. Á comunidade educativa do centro correspóndelle coidar do seu cumprimento.

Art. 5. Prohíbese terminantemente os castigos físicos e humillantes, así como calquera manifestación de violencia e coacción física, moral e mental. Igualmente prohíbese as ameazas e insultos persoais.



II. Funcionamento do centro

Art. 6. Tanto as entradas como as saídas da clase indicaranse por medio do timbre de centro, non podendo o alumnado, entrar nin saír da aula entre clase e clase, salvo xustificación, para non interferir na orde académica.

6.01 A duración das clases será de sesenta minutos, non tendo lugar ningún tipo de descanso entre clase e clase agás no recreo, que terá unha duración de media hora.

6.02 Esixirase a máxima puntualidade na entrada ás clases tanto ó profesorado como ó alumnado.

Art. 7. O alumnado, que chegue tarde poderá entrar na aula si o profesorado o permite. De non permitilo, poñerase en contacto co profesorado de garda o cal se fará cargo.



III. Dereitos do alumnado

Art. 8. O alumnado do centro ten dereito a unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

Art. 9. O alumnado ten dereito a que se respecten a súa identidade, integridade física e moral e dignidade persoais, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.

Art. 10. Todo o alumnado ten dereito á protección integral contra toda agresión física ou moral e, en particular contra as situacións de acoso escolar.

Art. 11. O alumnado ten dereito a participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos establecidos.

Art. 12. Todo o alumnado ten dereito ás mesmas oportunidades de acceso aos distintos niveis de ensino e non haberá máis limitacións que as derivadas do seu aproveitamento ou das súas aptitudes para o estudio .

Art. 13. O alumnado ten dereito a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan avaliados con total obxectividade.

Art. 14. O alumnado ten dereito de recibir orientación académica e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social, e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.

Art. 15. Todo o alumnado ten dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

Art. 16. Todo o alumnado ten dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.

Art. 17. Todo alumnado ten dereito a non recibir discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Art. 18. Os centros docentes están obrigados a gardar reserva sobre toda a información de que dispoñan das circunstancias persoais e familiares do alumnado. En todo caso, os centros comunicarán ás autoridades competentes as circunstancias que poidan implicar malos tratos para o alumnado ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos polas leis de protección dos menores.

Art. 19. O alumnado ten dereito a participar no funcionamento e na vida do centro, na actividade escolar e na toma de decisións en materia de convivencia, de acordo co disposto na Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación e nos respectivos Regulamentos Orgánicos.

Art. 20. As xuntas de Delegados terán as atribucións, funcións e dereitos que lles determinen os correspondentes Regulamentos Orgánicos.

Art. 21. Os Delegados, como representantes do alumnado, poderán solicitar ser atendidos e escoitados polo profesorado e órganos unipersoais, para tratar asuntos relacionados co seu grupo.

Art. 22. Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como portavoces do alumnado, nos termos da normativa vixente.

Art. 23. O alumnado ten dereito a asociarse, creando asociacións, federacións e confedera-



cións de alumnos.

Art. 24. O alumnado poderá asociarse unha vez acabada a súa relación co centro ó termo da súa escolarización en entidades e colaborar a través delas no desenvolvemento do centro.

Art. 25. O alumnado ten dereito a ser informado polos membros da xunta de delegados e polos representantes das súas asociacións das cuestións propias do seu centro coma doutras que afecten a outros centros docentes e ao sistema educativo en xeral.

Art. 26. O alumnado ten o dereito de usar as instalacións do centro coas limitacións que se deriven da programación de actividades escolares ou extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a axeitada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos, con previa autorización da dirección do centro.

Art. 27. O alumnado ten o dereito a manifestar a súa discrepancia coas decisións educativas que lles afecten.

Art. 28. O alumnado poderá reunirse no centro, previa autorización da Dirección, para actividades de carácter escolar ou extraescolar.

Art. 29. O alumnado ten o dereito de usar as instalacións do centro coas limitacións que se deriven da programación de actividades escolares ou extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a axeitada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.

Art. 30. O alumnado ten o dereito de participar, en calidade de voluntariado, nas actividades do centro.

Art. 31. O alumnado ten o dereito a percibir as axudas e os apoios precisos compensar posibles faltas de tipo familiar, económico e sociocultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, de tal xeito que promova o seu dereito de acceso ós distintos niveis educativos.

Art. 32. Cando non se respecten os dereitos do alumnado, ou cando calquera membro da comunidade educativa impida o efectivo exercicio de ditos dereitos, o órgano competente do centro tomará as medidas oportunas que procedan conforme ao disposto na lexislación vixente, previa audiencia dos interesados e consulta, no seu caso, ó Consello Social do centro.



IV. Deberes do alumnado

Art. 33. O alumnado debe de participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras na educación.

Art. 34. Todo o alumnado debe de respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade do centro.

Art. 35. O alumnado deberá respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

Art. 36. O alumnado debe de respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

Art. 37. Todo o alumnado deberá conservar e facer un bó uso das instalacións e materiais do centro.

Art. 38. Todo o alumnado deberá de seguir as directrices do profesorado nas súa educación e aprendizaxe.

Art. 39. Todo o alumnado deberá de asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Art. 40. O estudio constitúe un deber básico do alumnado e concrétese nas seguintes obrigas:

Asistir ás clases puntualmente e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de estudio, a asistencia ás clases é inexcusable, aínda que parte do grupo estea realizando unha actividade extraescolar fora do centro.

- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
- Respectar o exercicio do dereito ó estudio dos compañeiros.
- O alumnado menor de idade ten a obriga de permanecer dentro do recinto escolar durante o horario lectivo. Deberá permanecer dentro das aulas entre clases, agás nos desprazamentos a outras aulas.

Art. 41. O alumnado debe de respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes, así como a dignidade, integridade e intimidade físicas e psíquicas de tódolos membros da comunidade educativa.

Art. 42. O alumnado debe respectar as normas de organización, convivencia e disciplina e o carácter propio do centro, de acordo coa lexislación vixente.

Art. 43. O alumnado debe coidar e empregar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa. Corresponde ó Delegado de grupo dar parte, canto antes, á persoa responsable (profesorado, profesorado de garda ou dirección) en cada caso, das roturas, danos, subtraccións ou calquera outra anomalía que se produza na aula utilizada polo alumnado a quen representa.

Art. 44. O alumnado ten o deber de participar na vida e funcionamento do centro, procurando unha mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no mesmo, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación, á dignidade e ás funcións e orientacións do profesorado, no exercicio das súas competencias, recoñecendoo como autoridade educativa



do centro.

Art. 45. O alumnado debe devolver os xustificantes de boletíns de notas e/ou outras notificacións, asinados pola seu titor legal no prazo que se estableza, para dar fe do seu coñecemento.



V. Dereitos do profesorado

Art. 46. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ostenta a condición de autoridade pública e disfruta da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

Art. 47. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen a presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poidera sinalar ou aportar o alumnado e os seus representantes legais se fose menor de idade.

Art. 48. O profesorado ten dereito a ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e na sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

Art. 49. O profesorado ten dereito a desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

Art. 50. O profesorado ten dereito a participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

Art. 51. O profesorado ten dereito a que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases, as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

Art. 52. O profesorado ten dereito á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

Art. 53. O profesorado ten dereito a participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos.

Art. 54. O profesorado ten dereito a adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios, correxindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

Art. 55. O profesorado ten dereito a exercer a función docente con iniciativa e liberdade en canto ao desenvolvemento do temario se refire, sen máis límites que os impostos polas programacións dos respectivos Departamentos e polas normas de funcionamento do centro.

Art. 56. O profesorado ten dereito a ser informados do funcionamento do Centro e de todo o referente á súa actividade profesional, así como a participar nas decisións que afecten á vida do Centro, de acordo coas canles regulamentarias ademais de expresar a súa opinión sobre o funcionamento do mesmo, e a formular as suxestións e reclamacións que estimen oportunas.

Art. 57. O profesorado ten dereito a elixir aos seus representantes.

Art. 58. O profesorado ten o dereito de reunión, sen alterar o normal desenvolvemento da actividade do centro, previa comunicación á Dirección.

Art. 59. O profesorado ten dereito a acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar, en experiencias pedagóxicas relacionadas coa convivencia e a mediación, así como a formación adecuada nas TICs e en todo o referente á súa especialidade.

Art. 60. O profesorado ten dereito a ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral, e a que se preveñen todo caso a súa integridade física e moral no exercicio das súas funcións.

Art. 61. O profesorado ten potestade para tomar decisións rápidas, proporcionadas e efica-



ces, de acordo coas normas de convivencia do centro, que lle permitan manter un ambiente adecuado de estudo e aprendizaxe durante as clases, nas actividades complementarias e extraescolares, tanto dentro como fora do recinto escolar.

Art. 62. O profesorado ten dereito á colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumno.

Art. 63. O profesorado ten dereito a recibir o apoio por parte da Administración educativa, que velará para que o profesorado teña o trato, a consideración e o respecto que lle corresponden conforme á importancia social da tarefa que desempeña.



VI. Deberes do profesorado

Art. 64. O profesorado deberá de respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

Art. 65. O profesorado deberá de adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, correxindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, poñéndoa en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

Art. 66. O profesorado colaborará activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situación de acoso escolar.

Art. 67. O profesorado deberá de informar ás nais e pais ou titoras ou titores sobre o progreso do aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención aos mesmos que lle imponha a normativa de aplicación.

Art. 68. O profesorado deberá de informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Art. 69. O profesorado deberá de colaborar na instrucción dos procedementos correctores que se leven a cabo no centro para a corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, puidendo ser chamado como instrutor ou instrutora en dito procedemento.

Art. 70. O profesorado deberá velar pola correcta aplicación das medidas de prevención e protección dos talleres, especialmente na utilización dos equipos de protección individual.

Art. 71. O profesorado deberá de cumprir e facer cumprir todas as normas de seguridade e hixiene, así como a orde e limpeza nos talleres e aulas.

Art. 72. O profesorado ten o deber de cumprir e facer cumprir as normas de funcionamento do centro, así como todo o acordado polo Consello Social e o Claustro, en todo o que deles dependa.

Art. 73. O profesorado velará pola boa convivencia e mantemento da orde no centro, sendo o responsable, en primeira instancia de solucionar os problemas na súa clase. Se estes o superan recorrerá inicialmente ó profesorado de garda, redactará o parte de incidencias, e a posteriori llo entregará ó responsable da titoría para que tome as medidas oportunas. Xefatura de estudos recibirá a valoración do parte polo titor, e velará pola coherencia das medidas adoptadas polos diferentes titores e coordinará cos mesmos a aplicación das sancións.

Art. 74. O profesorado ten o deber de traballar construtivamente en todos os órganos e comisións nos que participe, así como a colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

Art. 75. O profesorado debe manter unha actitude de respecto e un trato ecuánime cara ao resto dos membros da comunidade educativa.

Art. 76. O profesorado debe respectar o horario persoal que lle asignou a dirección e asistir puntualmente a clase, comunicando calquera cambio puntual (por ausencia dalgún/ha profesora/a, por un exame, etc.) no seu horario, de acordo co alumnado e previa autorización de Xefatura de estudos.

Art. 77. Todo o profesorado deberá introducir as faltas de asistencia do alumnado no pro-



grama informático habilitado a tal fin pola administración.

Art. 78. O profesorado motivará ou fomentará a asistencia do alumnado ás actividades extra-escolares.

Art. 79. No caso de que un grupo enteiro falte á súa clase deberá comunicarse a incidencia ó profesorado de garda e a Xefatura de Estudos e rexistrala no libro de gardas.

Art. 80. O profesorado debe dar a coñecer ao alumnado, respecto da súa área, materia ou módulo os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, os mínimos exixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación, así como os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van a utilizar e ás súas familias cando así o requiran. Cando a valoración se basee en probas, exercicios ou traballos escritos, o alumnado terá acceso a estes, revisándoos co profesorado. O profesorado deberá facilitar a revisión das probas realizadas nun prazo prudencial de tempo

Art. 81. O profesorado debe fixar, consensuando co alumnado, se é posible, e nun prazo previo razoable, as datas máis idóneas para as distintas probas de cada unha das materias que imparten.

Art. 82. O profesorado debe asistir ás reunións de: Avaliación, Equipos docentes, Claustro, Departamento, e calquera outra que sexan convocadas pola Dirección.

Art. 83. O profesorado debe introducir na aplicación informática, as cualificacións do alumnado polo menos 24 horas de antelación respecto da sesión de avaliación.

Art. 84. O profesorado debe atender as reclamacións e suxestións do alumnado e das familias, nos horarios e prazos previstos para iso.

Art. 85. O profesorado debe favorecer a cooperación coas familias, informando ás mesmas de calquera circunstancia relacionada cos seus fillos, que sexa considerada de interese.

Art. 86. O profesorado debe gardar a confidencialidade dos asuntos que coñeza da realidade familiar e de funcionamento do centro.

Art. 87. Todos aqueles deberes que determine a lexislación vixente e/ou se derive do presente regulamento inherentes á súa condición e destino.



VII. Profesorado titor

- Art. 88.** Cada grupo estará a cargo dun membro do claustro que actuará como titor/a
- Art. 89.** O profesorado titor estará en contacto permanente coas familias e poderá realizar reunións ó longo do curso coas familias do alumnado, para proporcionarlles información xeral sobre avaliacións, horarios, faltas de asistencia, clases de recuperación, plan de acción tutorial, plan de convivencia, actividades extraescolares, etc.
- Art. 90.** O profesorado titor coordinará todo o relativo ó seu grupo e levará á práctica o Plan de Acción Tutorial en coordinación co departamento de información e orientación profesional.
- Art. 91.** O profesorado titor dedicará unha hora semanal ó alumnado, e outra para recibir ás familias ou representantes legais do alumnado, que figurarán no seu horario.
- Art. 92.** O profesorado titor notificará ó alumnado, ás familias ou representantes legais dos mesmos cantas observacións foran necesarias.
- Art. 93.** O profesorado titor presidirá todas e cada unha das reunións pedagóxicas do equipo docente do seu grupo, coordinándoo, na programación de probas e actividades colectivas
- Art. 94.** O profesorado titor presidirá as sesións de avaliación, comunicando ó equipo docente as opinións do alumnado e recollendo as suxestións e propostas do profesorado para mellorar o rendemento académico do grupo.
- Art. 95.** O profesorado titor debe entregar os boletíns de notas na data sinalada nos calendarios de avaliación. E facerse cargo do depósito dos resgardos dos boletíns asinados polo alumnado (no caso de maioría de idade), familias ou representantes legais.
- Art. 96.** O profesorado titor debe controlar a asistencia ás clases do alumnado do seu grupo, notificando ás familias ou representantes legais, das súas ausencias puntualmente, deixando constancia dos documentos correspondentes en secretaría.



VIII. Profesorado de garda

Art. 97. En cada hora lectiva haberá profesorado de garda no centro sempre que exista esa posibilidade.

Art. 98. O profesorado de garda é o encargado de manter a normalidade no Centro durante a súa hora de garda, procurando pórse en contacto o antes posible coa Xefatura de Estudos, no caso de que se produza algún feito que afectase ás súas atribucións.

Art. 99. O profesorado de garda percorrerá os corredores para comprobar a normalidade nas aulas; impedirá que se formen nos espazos comúns grupos de alumnado que teñan que cambiar de aula ou acudir á biblioteca durante o período de clases e pechará as aulas que quedasen abertas.

Art. 100. Nos recreos haberá profesorado de garda no recinto, para garantir a orde e evitar a saída do alumnado menor de idade e regular a entrada.

Art. 101. O profesorado de garda asistirá ó alumnado que sufra algún tipo de lesión, poñendo os medios ó seu alcance, incluso acompañalo a un centro médico se fose necesario, previo aviso ás familias ou representantes legais, nun servizo público: taxi ou ambulancia.

Art. 102. O profesorado de garda encargarse da atención do alumnado non admitido ou sancionado na clase.



IX. Normas de convivencia

Art. 103. A comunicación entre os membros da comunidade educativa rexerase polas normas do respecto mutuo. Non permitíndose ningún tipo de insultos, agresións: físicas e morais, menosprezo, coaccións, etc.

Art. 104. Os membros da comunidade educativa manterán sempre unhas medidas de seguridade, hixiene e de sanidade mínimas.

Art. 105. Está prohibido tirar papeis e outros desperdicios no recinto escolar, fóra das papeleiras ou contedores destinados a este fin.

Art. 106. Os membros da comunidade educativa deben coidar e utilizar correctamente os bens mobles, as instalacións do centro e respectar as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.

Art. 107. No centro escolar deberá manterse un comportamento correcto evitando as perturbacións da orde tanto durante as actividades como durante os cambios de espazo do alumnado no centro. Queda prohibido, dentro do centro, a utilización de calquera aparello electrónico que interrompa o normal funcionamento do centro ou violen a intimidade das persoas e fumar ou consumir produtos nocivos dentro do recinto escolar.

Art. 108. Durante o recreo o alumnado non deberá permanecer nas clases nin nos corredores, salvo aqueles que estean autorizados para celebrar algunha actividade.

Art. 109. Durante as horas de clase o alumnado non poderá estar fora da aula, nin abandonala sen causa xustificada e previo aviso á persoa responsable. Cando se remate un exame ou as actividades antes da hora non se poderá saír da aula. O alumnado non poderá acceder á cafetería entre clases, salvo causa xustificada (indisposicións, etc).



X. Faltas de asistencia

Art. 110. Atendendo á normativa vixente (artigo 25 da orde do 12 de xullo de 2011 que regula o desenvolvemento e avaliación das ensinanzas de FP, e disposición terceira da resolución do 4 de agosto de 2016 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos), e a criterios de avaliación de carácter continuo, isto é, o longo de todo o proceso formativo, e **nas modalidades de ensino presencial nas que cumprirá a asistencia ás actividades programadas**, se lle dará a perda do dereito á avaliación continua no módulo ó alumnado que incorra en calquera dos seguintes casos:

- **Acumular un total do 10% de faltas inxustificadas con respecto á duración total do módulo. (segundo normativa).**
- **Acumular un total do 25% de faltas (xustificadas + inxustificadas) con respecto á duración total do módulo correspondente.**

Serán faltas de **carácter xustificado** as seguintes:

- Enfermidade ou accidente, hospitalización ou intervención cirúrxica, con xustificante do facultativo.
- Asistencia a consultas e revisións médicas, sempre que sexa necesario dentro das sesións lectivas do grupo, con xustificante do facultativo.
- Nacemento, falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar ata 2º grao, con xustificante do facultativo e libro de familia. O equipo docente determinará o tratamento xustificado destas faltas.
- Deber inescusable de carácter público ou persoal, con xustificante oficial.
- Concorrer a exames, probas de aptitude ou selectivas, con xustificante oficial.
- Por participar nunha xornada de folga como medida de protesta colectiva. Nestes casos será obrigatorio que o delegado/a de grupo presente en Xefatura da Área de Formación a listaxe do alumnado que pretende participar na mesma, asinado por cada compañeiro/a e sempre acompañado da convocatoria legalmente establecida para cada folga, con antelación dun mínimo de 48 horas. En todo caso, o alumnado terá a obriga de realizar todas aquelas probas que estivesen planificadas previamente polo docente para esa/s data/s, así como respectar a entrega de tarefas contempladas na programación, de ser o caso. Do mesmo xeito, o docente poderá dar por impartida a materia que estivese programada.
- Por encontrarse o alumnado dentro da súa xornada laboral, con xustificante de contrato vixente e/ou vida laboral.
- Alumnado que non poida asistir ás clases por suspensión da asistencia debido a faltas leves ou graves contrarias ás normas de convivencia do centro.
- Asistencia a probas oficiais de competición de deportistas de alto nivel, aportando xustificante oficial.
- O resto das faltas considéranse **INXUSTIFICADAS**.
- Admitiranse os xustificantes dentro dos 3 días seguintes á incorporación do alumno/a ó centro. Nos casos de ausencia prolongada, o alumnado ou un familiar deberá pórse en contacto co seu titor/a para comunicar a súa situación.



- O profesorado poderá computar una falta de asistencia por cada 3 de puntualidade. Considerarase falta de puntualidade cando o retraso non sexa superior a 10 minutos. A partir deste tempo poñerase falta de asistencia, á sesión que corresponda e o profesorado determinará a incorporación ou non á clase deste alumnado.
- Se o alumno/a fose menor de idade, o titor/a deberá notificar á familia as faltas de asistencia.

Art. 111. Se durante os cinco primeiros días lectivos do curso se observase a inasistencia de determinados alumnos ou alumnas, o centro docente requiriralles por escrito a súa inmediata incorporación nun prazo máximo de tres días contados desde a data de recepción da notificación e comunicaralles que, en caso de non se producir esta, agás causa debidamente xustificada, se procederá á anulación da súa matrícula.

Art. 112. Logo de iniciadas as actividades lectivas, o centro realizará a baixa de oficio da matrícula cando un alumno ou unha alumna non asistan inxustificadamente á clase durante o resto do curso académico de xeito continuado por un período superior a 15 días lectivos ou, de xeito descontinuo, por un período superior a 25 días lectivos. Para tales efectos, deberá quedar constancia na secretaría do centro da comunicación ao alumno ou á alumna desta circunstancia administrativa.



XI. Incumprimento das normas

Consideraranse condutas leves contrarias á convivencia do centro as seguintes:

Art. 113. As condutas tipificadas como agresión, inxuria, actos de discriminación, actos de indisciplina, danos, actos inxustificadas e as actuacións prexudiciais que non alcancen a gravidade requirida para a calificación de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Art. 114. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polo centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

Art. 115. A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos previstos.

Art. 116. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Art. 117. O deterioro non grave causado intencionadamente ás dependencias do centro, ó material deste ou ós obxectos ou pertenzas doutros membros da comunidade educativa. Considerarase deterioro non grave, causado intencionadamente as seguintes condutas:

- Falta de hixiene e limpeza persoal.
- Tirar tizas, borradores, papeis, desperdicios, latas, etc.
- Ensuciar o chan, paredes, teitos, mesas, cadeiras, etc.
- Non manter o posto de traballo limpo e ordenado.
- Deteriorar levemente materiais, ferramentas, equipamento dos talleres, instrumentos didácticos ou deportivos, así como calquera equipamento do centro.
- Deteriorar levemente as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.

Sanción: Repoñer en horas non lectivas o deterioro causado polo sancionado.



Calquera membro da comunidade educativa que observe estas condutas deberá notificalo á Xefatura de Estudos, que será quen imponha a sanción correspondente.

Art. 118. Calquera acto inxustificado que perturbe levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro. Consideraranse actos inxustificadas, perturbadores da vida normal do centro as seguintes:

- Proferir gritos, ruídos ou causar alboroto durante o desenvolvementos das actividades docentes.
- Obstaculizar os accesos ó edificio, aulas, servizos, etc.
- Non respectar os prazos de entrega de libros na biblioteca.
- Xogar ás cartas



- Actos violentos ou agresivos, linguaxe groseiro e xestos e posturas irrespectuosas.
- Uso inadecuado das aulas específicas, laboratorios e talleres.
- A falta de atención ás explicacións do profesor/a.
- Non respectar as normas de autoprotección, funcionamento e organización dos talleres.
- Acudir ó centro sen o material escolar necesario ou sen o equipamento requirido para o bo desenvolvemento das actividades.
- Permanecer nas instalacións do centro co rostro cuberto, co uso de gorras, carapuchas, gafas de sol, viseiras, pasamontañas, ..., salvo causas medicas ou que respondan a medidas de autoprotección.

Medidas correctoras para corrixir condutas contrarias ás normas de convivencia:

RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

	Profesor*	Titor**	X.E.***	Director
Amonestación privada ou por escrito	X	X	X	
Comparecencia ante xefe de estudos	X	X		
Realización de traballos específicos en horario lectivo ou fóra do mesmo.	X	X	X	
Realización, en horario lectivo ou fóra do mesmo de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.		X	X	
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias durante 2 semanas			X	
Cambio de grupo por un período de ata unha semana			X	
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos (1)				X
Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. (2)				X

*Oído o alumno e dando conta a X.E.

**Oído o alumno e dando conta a X.E.

***Oído o alumno, o seu profesor ou titor.

(1) e (2) Os alumnos/as poderán mostrar o seu desacordo no prazo de 2 días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que ratificará ou rectificará a medida correctora.

TODAS AS RESOLUCIÓNS DE MEDIDAS ARRIBA INDICADAS POÑEN FIN Á VÍA ADMINISTRATIVA E SERÁN INMEDIATAMENTE EXECUTIVAS



Art. 119. Consideraranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro as seguintes:

119.01 As agresións físicas ou psíquicas, contra os demais membros da comunidade educativa.

119.02 Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

119.03 Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal da administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

119.04 A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

119.05 As actuacións que constitúan acoso escolar.

119.06 A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.

119.07 Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa sus-traccións.

119.08 Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario.

119.09 As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

119.10 Portar calquer obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos.

119.11 A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

119.12 O incumprimento das sancións impostas.

119.13 Os actos de indisciplina, inxuria, ameazas, coaccións ou ofensa grave contra os membros da comunidade educativa, tales como:

- Falta de respecto a calquera membro da comunidade educativa (actitudes despectivas, burlas, etc).
- As malas contestacións a calquera membro da comunidade educativa.
- Insultos a calquera membro da comunidade educativa.
- A utilización inadecuada de calquera aparello electrónico que interrompa o normal funcionamento das clases ou violen a intimidade das persoas (segundo a normativa vixente), salvo causas debidamente xustificadas e con autorización expresa do docente.
- Resistencia ou negativa a entregar os obxectos, substancias ou produtos gravemente perigosos para a saúde ou a integridade persoal do alumno ou dos demais membros da comunidade educativa, cando é requirido polo profesorado.



- Fumar, consumir bebidas alcohólicas ou outras substancias nocivas dentro do recinto escolar (segundo a normativa vixente).
- Boicotear ó profesorado ou a calquera membro da comunidade educativa.
- Ausencias colectivas sen previa autorización da Xefatura de Estudos.
- Folgas realizadas sen comunicalas á dirección con 48 horas de antelación.
- A difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar.
- O incumprimento das sancións impostas.

119.14 Agresión física, as actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal contra os demais membros da comunidade educativa, así como o acoso e abuso que coarten a liberdade persoal, ou a incitación ás mesmas.

119.15 O manexo de vehículos de maneira imprudente ou temeraria nos aparcamentos do centro.

119.16 Suplantación de personalidade nos actos da vida docente e a falsificación ou roubo de documentos académicos.

119.17 Causar, por uso indebido, danos graves nos locais, materiais ou documentos do centro ou nos obxectos que pertencen a outros membros da comunidade educativa, tales como:

- Roubos ou substracción dos materiais do centro e obxectos doutros membros da comunidade educativa.
- A entrada en dependencias do centro non estando autorizado.
- Deteriorar de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros.

119.18 A saída do recinto do centro de alumnado menor de idade en horas lectivas incluído o recreo se non van acompañados polas súas familias, representantes legais ou por algunha persoa acreditada.

119.19 Os actos de discriminación grave por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. A reiteración no mesmo curso escolar de 3 conductas leves contrarias a convivencia.

Art. 120. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. A dirección do centro segundo as circunstancias elegirá tal procedemento priorizando o conciliado. As medidas correctoras poderán ser as seguintes:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan a:

- Melloralo desenvolvemento das actividades do centro.
- Reparalos danos causados. en horas non lectivas . O custo dos arranxos en caso de destrozo será abonado por:
 - A persoa causante se está identificada.
 - **Grupo** se o destrozo é nunha aula de referencia.



- **Tódolos grupos** que a usen se é nun taller ou aula específica.
 - **Tódolos grupos dunha planta** se é nos espazos comúns desa planta.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias á formación do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas (deberá realizalos deberes ou traballos formativos que se lle determinen).
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro durante un período de entre catro días lectivos e un mes. (deberá realizalos deberes ou traballos formativos que se lle determinen).

En calquera caso, para cumprimentar a redacción deste NOF en canto a condutas graves ou contrarias á convivencia e ás correccións, así como de circunstancias de acoso escolar e prevención de condutas, dirixirse á Lei de Convivencia e Participación, Lei 4/ 2011, do 30 de xuño, e Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a citada Lei.



XII. Normas da biblioteca

Art. 121. A biblioteca do centro deberá cumprir entre as súas funcións fundamentais ás dúas seguintes:

- a) Ser un lugar adecuado de estudo, consulta e traballo.
- b) Dispor dun servizo eficaz de préstamo de libros.
- c) Mediante reserva poderase utilizar para realizar actividades como conferencias, proxeccións, grandes reunións, etc..

Art. 122. Na biblioteca estará rigorosamente prohibido alterar o normal funcionamento da mesma, comer, beber, utilizar calquera medio electrónico (mp3, móbiles, etc) que perturbe o bo funcionamento da mesma, excepto os ordenadores instalados a tal fin, etc.. Tamén se prohibe instalar software ou calquera utilidade nos ordenadores da biblioteca, sen autorización do responsable da mesma. Poderase usar internet para facer consultas, ler o correo, etc. Nunca para xogar, chatear...

Art. 123. Deberase manter a biblioteca limpa e ordenada. Antes de abandonala, as cadeiras e mesas quedarán ordenadas, así como revistas, publicacións periódicas, etc.

Art. 124. As butacas de biblioteca non se poderán usar, agás en actos especiais ou clases.

Art. 125. Na biblioteca estarán normalmente as publicacións periódicas.

Art. 126. Na biblioteca manterase un absoluto silencio para facilitar o ambiente propicio de traballo (a excepción da reserva para outros eventos).

Art. 127. Organizarase un sistema de préstamo de libros que figurará exposto na biblioteca.

Art. 128. Se faltase o profesorado de biblioteca no recreo terá que encargarse de manter o orden o profesorado de garda.

Art. 129. O alumnado que queira levar prestado ou devolver libros, vídeos, DVDs e CDs ten que facelo no recreo seguindo as normas expostas na biblioteca. Non se presta para levar para a casa enciclopedias nin dicionarios.

Art. 130. Poderase reter libros, vídeos, DVDs e CDs durante 15 días. Unha vez rematado o prazo, poderase renovar o préstamo por outros 15 días.

Art. 131. O profesorado que realice a garda de biblioteca será o encargado de facer cumprir tódalas normas anteriores, así como aquelas que sexan acordadas dende a Coordinación da biblioteca.

Art. 132. O non cumprimento destas normas, suporá a expulsión do usuario da biblioteca. No caso de producirse dano no material ou mobiliario, aplicarase o presente regulamento de réxime interno. E os usuarios que deterioren ou perdan unha obra, deberán repoñela por outra igual.

Normas de uso de biblioteca para o profesorado

Art. 133. A biblioteca non é un aula de castigo. Sempre que haxa un grupo de alumnos na biblioteca realizando algunha actividade, deberán estar acompañados por algún profesor



responsable.

Art. 134. O profesorado responsable da biblioteca, é o encargado do préstamo e de realizar tarefas de rexistro e mantemento. Non é responsable de alumnos sen profesor nin expulsados.

Art. 135. Tódolos membros da comunidade educativa son beneficiarios do servizo da biblioteca, polo que deben cumprir as normas de uso e préstamo vixentes.

Art. 136. Para poder empregar os fondos da biblioteca nas aulas ou outros lugares do centro, terán que ser solicitados polo profesor encargado e realizar o rexistro correspondente. Non se prestará ningún material ó alumnado que veña de parte dun profesor.

Art. 137. Aquel profesorado que precise reservar a biblioteca para algunha actividade docente ou extraescolar, deberanse anotar, cunha antelación de 48 horas, no rexistro da propia biblioteca.

Art. 138. O ordenador de xestión de biblioteca será usado unicamente polo profesorado encargado do seu funcionamento.



XIII. Normas de aulas específicas (talleres, cibers...)

- Art. 139.** Usar correctamente e con dilixencia as máquinas, aparatos, ferramentas, substancias, equipos e demais medios necesarios para a realización dos traballos.
- Art. 140.** Usar correctamente e con dilixencia os medios e equipos de protección.
- Art. 141.** Observar as medidas de seguridade en aparatos e equipos indicadas polo profesorado.
- Art. 142.** Manter limpa e ordeada a súa zona de traballo, así como os equipos de protección individual, ferramenta e maquinaria empregada.
- Art. 143.** Recoller e gardar a ferramenta e demais equipos empregados.
- Art. 144.** Usar obrigatoriamente e de xeito adecuado os equipos de seguridade e hixiene empregados segundo o traballo que se estea realizando.
- Art. 145.** Eliminar con rapidez os desperdicios, manchas e residuos de calquer substancia que poida orixinar accidentes.
- Art. 146.** Recoller todos os residuos no recipiente previsto para tal fin.
- Art. 147.** Manter unha imaxe limpa e ordeada no desenvolvemento do traballo.
- Art. 148.** Así mesmo deberán atenderse as peculiaridades propias de cada taller, así como as indicacións do profesorado, en función dos seus riscos específicos e medidas de prevención e protección .
- Art. 149.** Cada aula específica poderá ter as súas propias normas de seguridade e funcionamento, que estarán expostas na propia aula, e que serán de obrigado cumprimento.



XIV. Comisións e organizacións

Art. 150. O profesorado e o alumnado deberán propoñer conxuntamente ou separadamente diante da Área de administración e xestión do centro a constitución de comisións e organizacións con fins especificamente culturais.

Art. 151. Tódalas comisións culturais compostas por alumnado, profesorado e presididas polo secretario do centro, ateranse ás súas propias normas específicas.

Art. 152. A Dirección do centro poñerá a disposición destas organizacións e comisións os medios necesarios dentro das súas posibilidades e os seus servizos e instalacións. Só poderá a Dirección suspender as actividades dunha comisión cando esta conculque algún dos preceptos deste regulamento ou as normas ditadas por cada comisión.



XV. Visitas, viaxes e estancias fóra do centro.

Art. 153. A Dirección, os departamentos, o Profesorado titor e os Representantes do alumnado poderán propoñer proxectos de visitas e viaxes de estudos.

Art. 154. Viaxes e visitas de estudos, consideraranse como parte do traballo académico polo que nos mesmos participa o alumnado. O alumnado que non participe, ten a obrigatoriedade de asistir ás clases.

Art. 155. O profesorado e o alumnado participante, estará obrigado a gardar as normas que se diten para cada visita ou viaxe. Ademais estarán suxeitos tanto ás normas deste regulamento como as reflexadas no protocolo de Actividades Complementarias á Formación.

Art. 156. As viaxes e visitas realizadas no nome do Centro requiren autorización expresa da Dirección e a presenza de profesorado responsable do mesmo.

Art. 157. A Dirección coidará que todo o alumnado participe ao longo do curso nas viaxes de estudos e proporcionará as axudas necesarias para iso, sempre que as necesidades do centro o permitan.

Art. 158. Ás familias e representantes legais do alumnado advertiráselles coa debida antelación da viaxe e visita, data e lugar de saída, itinerario a seguir, fins que se pretenden, así como as persoas ou profesorado responsables de acompañalos.

Art. 159. Para asistir ás excursións educativas que se realicen ó longo do curso, será requisito indispensable a autorización por escrito das familias ou representantes legais do alumnado, indicando alerxias, enfermidades crónicas, medicacións ou calquera outra indicación que deba ser importante.

Art. 160. No caso de excursións nas que se organicen comidas, as familias ou representantes legais do alumnado, están obrigadas a poñer en coñecemento do profesorado responsable aqueles alimentos que poidan causar situacións de alerxia.

Art. 161. A dirección do centro establecerá criterios de selección basados no expediente académico do alumno/a cando se desenvolva una actividade complementaria de formación e non sexa posible, por calquer motivo, levala a cabo para todo o alumnado.

Art. 162. A dirección do centro decidirá, en todo caso, na selección de aqueles alumnos/as que decidan cursar o módulo de FCT noutro país dacordo ao procedemento de Programas Internacionais.

Art. 163. O non especificado neste apartado deberá selo polas normas que se diten para cada actividade en concreto.



XVI. Reunións

Art. 164. O profesorado e persoal non docente poderán celebrar reunións no recinto escolar para tratar asuntos relacionados coa súa vida profesional ou marcha do centro na hora lugar que autorice a dirección do centro para non perturbar o normal desenvolvemento da actividade lectiva.

Art. 165. En cada reunión haberá unha ou varias persoas ou Comisión responsable da convocatoria ou organización das mesmas.

Art. 166. Con suficiente antelación as persoas ou comisión responsables solicitarán a Dirección o permiso correspondente tanto para a convocatoria como para a súa celebración indicando data, lugar e motivo da reunión.

Art. 167. Se os resultados da reunión afectaran ó centro comunicaranse na maior brevidade á Dirección.

Art. 168. No caso de suspensión ou aprazamento, volverase a solicitar o permiso correspondente.

Art. 169. A Dirección non poderá negar o permiso para reunións, excepto no caso de que non se cumprisen as presentes normas ou algúns dos artigos deste regulamento.

Art. 170. Para a celebración de reunións de alumnado nas instalacións do centro, deberán presentar por medio dos seus representantes legais a correspondente solicitude diante da Xefatura de Estudos, coa orde do día da reunión e lugar onde desexan que se celebre e a posterior comunicación dos resultados habidos se afectan á vida do centro. Sen a autorización non poderá levarse a cabo dita reunión.

XVII. Persoal de administración e servizos

Art. 171. O equipo directivo terá que coordinar as funcións do persoal de servizos para garantir o bo funcionamento do centro.

Art. 172. Persoal Subalterno. Depende da Dirección do centro e, por delegación do secretario deste, cumprirá o estipulado na normativa vixente. Desempeñará funcións ordinarias de vixilancia, custodia, reparto de correspondencia e documentación, transporte manual de mobiliario, centraliña, e reprografía e outras semellantes encomendadas pola dirección, colaborando activamente no bó funcionamento do centro.

Art. 173. Persoal administrativo. Depende da Dirección do centro e, por delegación, do Secretario. Cumpriran as funcións encomendadas e regulamentadas pola Lei da Función Pública de Galicia. Proporcionarán correcta información referente a matrículas, bolsas, certificacións de estudos e outras que puidesen afectar a alumnos para tramitación de documentos oficiais.

Art. 174. Persoal de limpeza. Depende da Dirección do centro e, por delegación, da Secretaría. As súas funcións serán as que teñan regulamentadas por Lei ou convenio. Limparán coa asiduidade necesaria tódalas dependencias do centro. Informarán das deficiencias que vexan durante o desenvolvemento da súa xornada laboral.

Dereitos do persoal de administración e servizos

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver a súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración Educativa.

Deberes do persoal de administración e servizos

-Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das conductas contrarias á convivencia e, en particular das situacións de acoso escolar.

- Informar aos responsables do centro e, de ser o caso á Administración Educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

-Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo que teña coñecemento.



XVIII. Dereitos das familias e representantes legais do alumnado menor de idade

Entendemos que a familia é a máxima responsable da educación dos seus fillos e xa que logo a súa intervención e cooperación é decisiva no proceso educativo. Neste sentido e para a necesaria coordinación na actuación educativa entre instituto e familia, os pais ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos, teñen os seguintes dereitos: A que os seus fillos reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme cos fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas leis educativas.

Art. 175. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

Art. 176. A estar informados sobre o progreso do aprendizaxe, rendemento e integración socioeducativa dos seus fillos e fillas ou pupilos ou pupilas, para o cal se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo do centro. Tal información será solicitada dos respectivos profesores titores ou dos profesores que impartan as materias que cursa nas horas destinadas para ese efecto.

Art. 177. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.

Art. 178. A ser informados sobre o funcionamento do centro e a manifestar, cantos problemas e situacións relativos ao centro que afecten á formación dos seus fillos.

Art. 179. A participar no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos.

Art. 180. A ser oídos, nos termos previstos, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Art. 181. A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Art. 182. Recorrer aos distintos estamentos, cando o estime oportuno, para presentar suxestións ou queixas.

Art. 183. A solicitar a revisión da cualificación final obtida polo seu fillo nun área ou materia ou a decisión de promoción ou titulación adoptada, nos termos establecidos pola normativa vixente.

Art. 184. A ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos, defendendo os seus dereitos no concernente á educación dos mesmos.

Art. 185. Calquera outro dereito que puidese corresponderlles na lexislación vixente ou no presente Regulamento.



XIX. Deberes das familias e representantes legais do alumnado menor de idade

Aos pais ou titores, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos, correspóndenlles os seguintes deberes:

Art. 186. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e no centro.

Art. 187. Coñecer as normas do centro, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

Art. 188. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

Art. 189. Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos e fillas ou pupilos ou pupilas.

Art. 190. Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos cursen os niveis obrigatorios da educación e asistan regularmente a clase.

Art. 191. Proporcionar, na medida das súas disponibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar.

Art. 192. Estimularlles para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden, incentivándolles para que melloren o seu rendemento escolar e no cumprimento das normas de convivencia no exercicio dos seus dereitos e deberes.

Art. 193. Participar de xeito activo nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que o Centro estableza coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos.

Art. 194. Atender ás chamadas do Equipo Directivo, Titores e Profesorado do Centro en todo aquilo que estea relacionado co proceso educativo dos seus fillos.

Art. 195. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co Profesorado e o Centro.

Art. 196. Respectar e facer respectar as normas establecidas polo Centro.

Art. 197. Xustificar por escrito as faltas de asistencia a clase ou actividades extraescolares ou complementarias, xustificables, dos seus fillos.

Art. 198. Informar ao Centro sobre aquelas circunstancias médicas do alumno que poidan alterar a normalidade académica.

Art. 199. Todos aqueles que se deriven da lexislación vixente ou do presente Regulamento.



XX. Reforma do regulamento.

Art. 200. As presentes Normas de Organización e Funcionamento modificaranse sempre que varíe a lexislación na que se sustenta, na parte e medida que lle afecte, ou cando sexa solicitado polos órganos de goberno. As modificacións propostas serán defendidas ante o Consello Social por un representante do grupo que as presentou e para a súa aprobación requirirase o voto favorable da maioría absoluta dos membros deste órgano.

Art. 201. Unha vez aprobada a modificación, farase pública no taboeiro de anuncios do Centro para coñecemento da Comunidade Educativa, e entrará en vigor na data sinalada para tal efecto, caso de que non se presenten alegacións.

Art. 202. As presentes Normas de Organización e Funcionamento entrarán en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Consello Social e obriga ó seu cumprimento a todos cantos integran a Comunidade Educativa do Centro, na parte e medida que a cada un deles afecta.